



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

VENRES 29
MARZO 2019
20.30 h

Auditorio de Galicia

Ciclo de piano Ángel Brage

JAVIER PERIANES Piano



CONCERTOS
DE ABONO

PROGRAMA

I

F. CHOPIN (1810 - 1849)

Nocturnos op. 48

Núm. 1 en do menor

Núm. 2 en fa sostenido menor

Sonata núm. 3 en si menor op. 58

Allegro maestoso

Scherzo. Molto vivace

Largo

Finale. Presto, non tanto

II

C. DEBUSSY (1862 - 1918)

Estampes

Pagodes

La soirée dans Grenade

Jardins sous la pluie

M. de FALLA (1876 - 1946)

Cuatro piezas españolas

Aragonesa

Cubana

Montañesa

Andaluza

El sombrero de tres picos (Selección)

Danza de los vecinos

Danza del molinero

Danza de la molinera

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

JAVIER PERIANES

Piano

“O seu porte e a súa técnica... irradian calma, e aínda así a precisión e velocidade dos seus dedos pode ser realmente aplastante. En raras ocasións, por non dicir nunca, atopei unha combinación tal de evidente modestia e absoluta brillantez.” (*Sunday Times*)

A carreira internacional de Javier Perianes levouno a actuar nas salas de concertos máis prestixiosas do mundo e coas principais orquestras, colaborando con directores como Daniel Barenboim, Charles Dutoit, Lorin Maazel, Zubin Mehta, Gustavo Dudamel, Sakari Oramo, Yuri Temirkanov, Frübeck de Burgos, Long Yu, Simone Young, Vladimir Jurowski, Josep Pons, David Afkham e Daniel Harding, e actuando en festivais como os BBC Proms, Mainly Mozart, Lucerne, La Roque d'Anthéron, Grafenegg, San Sebastián, Granada e Ravinia. Descrito por *The Telegraph* como “un pianista de impecable e refinado gusto, dotado dunha extraordinaria calidez sonora”, Javier Perianes é Premio Nacional de Música 2012 e ‘Artista del Año 2019’ dos International Classical Music Awards [ICMA].

Na temporada 2018-19, Perianes emprendeu unha xira por España coa London Philharmonic Orchestra e Juanjo Mena que culmina en Londres coa integral dos concertos para piano de Beethoven no Royal Festival Hall. Tamén interpretará a Beethoven nunha xira con orquestras por Australia e Nova Zelandia, e embarcarase nun tour polos Estados Unidos interpretando o *Concerto para piano núm. 27* de Mozart xunto á Orpheus Chamber Orchestra, finalizando co seu regreso ao Carnegie Hall de Nova York.

Ademais de Mozart e Beethoven, Perianes interpreta esta temporada a Ravel, Saint-Saëns, Grieg, Falla e

Bartók xunto a orquestras como a Gewandhausorchester Leipzig con Marin Alsop, Toronto Symphony con Hanna Chang, Orchestre de Paris e Bergen Philharmonic con Klaus Mäkelä, St. Louis Symphony e Gustavo Gimeno, San Francisco Symphony e Pablo Heras-Casado, Milwaukee Symphony con Matthias Pintscher, Konzerthausorchester Berlin e Antonio Méndez, Gävle Symphony con Jaime Martín en Suecia e no Concertgebouw de Ámsterdam, Tampere Philharmonic con Santtu-Matias Rouvali, a BBC Scottish con Thomas Dausgaard, e Czech Philharmonic con Louis Langrée na súa volta ao Festival Primavera de Praga.

En recital, Perianes emprende unha extensa xira por Europa na que visita cidades como Londres, París, Frankfurt, Oslo, Lisboa, Estambul, Essen, Barcelona e Madrid, cun programa composto por obras de Chopin, Debussy e Manuel de Falla.

Activo intérprete de música de cámara, a temporada pasada volveu colaborar con compañeiros habituais como Tabea Zimmermann no Auditorio Nacional de Madrid e a Beethoven Haus de Bonn, e o Cuarteto Quiroga nunha xira por Italia, Bélxica e os Países Baixos, ademais de rexistrar para harmonia mundi a *Sonata para cello e piano* de Debussy na súa primeira colaboración xunto a Jean-Guihen Queyras.

De anteriores temporadas destacan actuacións xunto á Wiener Philharmoniker, Royal Concertgebouw, Cleveland Orchestra, sinfónicas de Chicago, Boston e San Francisco, filharmónicas de Oslo, Londres, Nova York e Los Ángeles, Orchestre de Paris, Philharmonia Orchestra, Rundfunk-Sinfonieorchester Berlin, Danish National, Washington National, Swedish, Finnish e Norwegian Radio Orchestras, Yomiuri Nippon Symphony e Orchestre Symphonique de Montréal.

Javier Perianes é artista exclusivo do selo harmonia mundi. A súa extensa discografía abrangue desde Beethoven, Mendelssohn, Schubert, Grieg, Chopin, Debussy, Ravel e Bartók ata Blasco de Nebra, Mompou, Falla, Granados e Turina. O seu álbum coa gravación en vivo do *Concerto* de Grieg e unha selección das *Piezas Líricas* foi descrito como “unha nova referencia” pola revista *Classica*, que lle otorgou un ‘Choc’; tamén mereceu as distincións ‘Editor’s Choice’ de *Gramophone* e ‘Maestro’ da revista *Pianiste*. A súa “elegante visión” e “brillante interpretación” (*New York Times*) das *Romanzas sin Palabras* de Mendelssohn outorgáronlle o ‘Choc’ de *Classica* e a súa inclusión no ‘Top 10’ de gravacións de Mendelssohn pola revista *Gramophone*, e a súa gravación de *Noches en los Jardines de España* xunto a unha selección de pezas para piano de Falla recibiu asimesmo as distincións ‘Choc’ de *Classica* e o ‘Editor’s Choice’ de *Gramophone*, ademais de ser nominada ao Grammy Latino 2012. Os seus últimos álbumes inclúen as *sonatas D.960 e D.664* de Franz Schubert, “un verdadeiro regalo lírico” (*Gramophone*), e o *Concerto núm. 3* de Béla Bartók xunto á Münchner Philharmoniker e Pablo Heras-Casado.

Cando se fala do nocturno máis que dunha forma musical consolidada, fálase dun termo instigador, como un pensamento traducido musicalmente. Frédéric Chopin servíuse do nocturno para acadar maior flexibilidade formal nas súas obras para piano e con el, este xénero ao que se dedica desde os anos trinta ata case o final da súa vida, logra unha profundidade e unha intensidade que, en ocasións, levan a música de salón ao bordo dese abismo romántico que intuía Goethe. Estas composicións baseadas na romántica e tópica idea da noite percorren estados de ánimo que van desde a soidade máis fonda ata unha sosegada conversa con amigos, alcanzando un elevado nivel de creatividade, sonoridade e harmonía. En xeral, podería dicirse que os nocturnos do compositor polaco son de estrutura bipartita cuxas repeticións son adornadas, case como variacións, e moitas veces desenvolvidas. Os dous *Nocturnos Op. 48* foron escritos e publicados en 1841, dedicados á súa alumna Laure Duperré e do *Núm. 1* díxose que é unha das obras na que máis se entregou Chopin. É, desde logo, bastante amplo, aínda que non tanto como o seu compañeiro de publicación, o *Op. 48 núm. 2*. Trátase dun movemento marcado *Lento* no que a un motivo máis triste que melancólico, lle segue un episodio coral central a modo de intermedio do que xorde unha exposición para que un *crescendo* de enérxica polifonía e intensamente dramático remate a peza. A solución, en *pianissimo*, parece destinada tamén a deixar en suspenso a tensión exposta, coma se non fose posible unha solución á mesma. O refinado e reservado nocturno *Núm. 2* cuxa sección central en re bemol, de enganosa dificultade interpretativa, é unha especie de recitativo. O tema principal, transparente e de inusual duración, transporta unha paixón velada ao longo da peza.

Chopin compuxo tres sonatas para piano, a *Núm. 1* cando tiña dezaioito anos, a segunda en si bemol menor, en 1838, convertíndose nun dos maiores triunfos de Chopin pois inclúe a celebrada *Marcha Fúnebre*, e a última, a *Sonata núm. 3 en si menor, Op. 58*, foi escrita en 1844 e

descubre á vez unha extraordinaria riqueza imaxinativa e moitos momentos de sublime inspiración. O movemento inicial, en forma de sonata clásica, é un *allegro* no que Chopin contrasta un atrevido tema de apertura con varias melodías líricas e melancólicas no que algúns musicólogos ven a complexidade e a natureza contrapuntística deste *allegro* como un tributo do autor á tradición alemá, vendo nel a influencia de Bach. A seguir, un elegante e vivaz *scherzo* inclúe unha sección media chea de cualidades máxicas. Segundo o crítico americano James Huneker na súa análise da peza define así o *Largo* “É tranquilamente fermoso, e a súa *revêrie*, bela en canto á súa melodía. O trío é contido, case hipnótico”. O *rondo* preséntase vigoroso para chegar á melodía en marcado *agitato*. A emocionante coda leva toda a obra a un final feliz.

Claude Debussy estudia o piano dos compositores para piano que máis admira, Chopin e Schumann, e como eles, compón en formas breves, con títulos significativos, en pequenas pezas que reúne en coleccións. O compositor francés acubíllase no século romántico para xustificar os seus gustos exóticos, o seu interese pola antigüidade clásica, o uso de melodías de orixe nacional presentes nalgúñas obras e a capacidade para crear timbres a partir dun instrumento, en principio, monocromático. Considerada a primeira redacción importante de piano impresionista, *Estampes* (1903) é o preludio das grandes coleccións pianísticas do compositor, *Images*, *Préludes* e *Etudes*. As obras da década 1903-1913 caracterízanse pola capacidade do autor para transformar en sons a realidade visual, moi presente nesta obra, da que xa o título manifesta a vontade de evocación e cuxo xérmolo musical é unha discreta suxerencia. O propio Debussy escribiu: «Escribín tres pezas para piano das que me gusta sobre todo o título: *Pagodes*, *La Soirée dans Grenade*, *Jardins sous la pluie*. Cando non se teñen cartos para facer viaxes reais hai que facelos co espírito». *Pagodes*, a primeira das *Estampes*, como tal abertura, é unha descrición estática que contén música xavanesa escoitada nas exposicións universais de París e leva aos

templos orientais, a través das escalas pentatónicas da música da illa indonesia, os seus sus contrapuntos, tan complexos, o cromatismo, os arabescos.... Na forma, Debussy asimila a obra a unha sonata, non na estrutura xeral senón no desenvolvemento dos temas e a súa reexposición final. *La Soirée dans Grenade* evoca aos amigos españois, especialmente a Falla quen afirmou que *La Soirée dans Grenade* “contén marabillosamente destilada a atmosfera de Andalucía [...] Claude Debussy coñecía España por lectura, por cadros, por cantos e por danzas cantadas e bailadas por españois [...] ten algo de milagre cando se pensa que esta música foi escrita por un estranxeiro guiado pola soa intuición do seu xenio [...] Non hai nin un só compás tomado do folclore español e, non obstante, todo o trozo, ata nos seus menores detalles, fai sentir España”. Debussy mantén por riba de complexidades harmónicas, rítmicas e contrapuntísticas, manipuladas por exercizos de técnica pianística, a orixe da obra, que en *La Soirée dans Grenade* é un ‘ostinato’ baseado nun ritmo de habanera. Formalmente é un arco en cuxa parte central expóñense e desenvólvense temas moi variados, relacionados coa tradición culta de Granada. A terceira das *Estampes*, *Jardines sous la pluie*, suxire unha escena diaria de París, a través da cita de dúas cancións infantís. Co fondo constante de, ás veces choiva lixeira e outras, golpeando as fiestras desde as que un neno observa como chove nun xardín, eses dous temas melódicos preséntanse a través de alteracións modais e no contexto dun desenvolvemento, unha vez máis de corte clásico. O pianista Ricardo Viñes estrenou *Estampes* nun concerto da Société Nationale de la Musique en xaneiro de 1904.

Tamén foi Ricardo Viñes quen, na sala Erard para a mesma Société Nationale de la Musique, estrea o 27 de marzo de 1909 as catro *Pezas españolas* de Manuel de Falla que abocetadas en Madrid foron rematadas en París. Son a resposta pianística de Falla ás teses nacionalistas de Felipe Pedrell combinadas cun bo coñecemento da música francesa. Ningunha descrición da obra mellor que as

reflexións que Falla enviou a Cecilio de Roda para que redactara as notas ao programa da estrea madrileña de 1912 na Sociedad Filarmónica de Madrid publicadas por Enrique Franco en 1976 en *El País*: “A miña idea principal ao compoñelas foi a de expresar musicalmente a alma e o ambiente de cada unha das rexións indicadas nos seus títulos respectivos. Salvo raras excepcións, que xa lle indicarei, máis que utilizar severamente os cantos populares, procurei extraer deles o ritmo, a modalidade, as súas liñas, os seus motivos ornamentais melódicos característicos, as súas cadencias modulantes... E todo iso subordinado a un único fin: Evocar a alma do pobo que canta ou danza”. A *Aragonesa* é unha xota estilizada construída sobre a idea exposta nos primeiros compases. A *Cubana* sérvese da ‘guajira’ e do ‘zapateo’ con moita liberdade. A *Montañesa*, co subtítulo paisaxe, é a que parte con máis precisión de cantos populares concretos, dúas melodías asturianas claramente diferenciadas: unha canción e unha danza dos *Cantos de la Montaña*, recopilada por Rafael Calleja e editada en Madrid en 1901, así como da colección *Cien Cantos Populares Asturianos* publicada por José Hurtado en Bilbao en 1890. Falla afirma que está composta inmediatamente despois dunha viaxe á montaña e exterioriza a impresión grande que aqueles paisaxes lle produciron; así, pretende evocar a néboa e un certo carácter melancólico e sereno das terras asturianas, intensifica a expresividade melódica co concurso de notas pedais en quintas e fortes disonancias. Tamén é a máis impresionista e, signo demostrativo do ambiente no que se escribiu, é que no dorso dun dos seus borradores apareza un apunte do cuarteto de Debussy. A máis libre de todas, a *Andaluza* cuxa estrutura xeral, estilización de danzas de movemento vivo (o polo, o fandango) en contraste co *cante jondo* do episodio lento, é expresamente dramática.

Manuel de Falla instalouse en París en 1907, no momento en que compositores como Debussy e Ravel estaban fascinados polos ritmos e cores da música española e, nese mesmo período, contactou con Sergei Diaghilev, un

dos empresarios de ballet máis trascendentes da época e director da compañía de Ballets Rusos de París. Cara a 1916, Diaghilev tras escoitar *Noche en los jardines de España de Falla*, alentouno para que cedera esa partitura á súa compañía. O compositor preferiu presentarlle unha nova partitura escrita e esta foi *El sombrero de tres picos*, estreada en xullo de 1919 no Teatro Alhambra de Londres coa dirección musical de Ernest Ansermet, decorados de Picasso, libreto de Martínez Sierra e coreografía de Leonid Massine. A peza, inspirada en *El corregidor y la molinera* de Pedro Antonio de Alarcón, fixo mundialmente famoso a Falla de tal xeito que a compañía Diaghilev subíu *El sombrero de tres picos* aos escenarios de Madrid, París, Berlín... Dous anos despois, Falla reuniu en dúas suites de concerto os temas principais da partitura coreográfica, suprimindo algunhas escenas descritivas e os fragmentos vocais femininos. O gaditano proxecta sobre a obra o seu universo sonoro edificado nunha sólida conciencia nacional evidente nas alusións directas e indirectas ao folclore e que se constrúe coas harmonías máis contemporáneas, unha fusión de tradición e modernidade. O carácter popular transmítese máis aló da temática e dos ritmos que pretenden evocar os sons da guitarra tanto punteada como peiteada, especialmente evidente no número con máis tinguiduras flamencas, a *Danza del Molinero*, unha contida farruca modal cun gran predominio nas acentuacións das partes débiles do compás; o seu final en *affrettando* é un intento de elevar a danza ao delirio. A *Danza de los vecinos* está baseada ritmicamente nas seguidillas, reborda ledicia e luminosidade e non está exenta de dificultades técnicas; na forma, está a medio camiño entre a sonata e o rondó, sen ser un rondó-sonata. Inspirada no fandango, a *Danza de la molinera* consta de varios temas que contrastan en carácter, orixinais modulacións como recurso harmónico principal, varias cadencias modais, temas ascendentes nos baixos e un final que lembra ao da *Danza ritual del fuego* de *El amor brujo*.

Sábado 30 de marzo

18.30 h

MINI MOZART

Descubre unha orquestra para ti... a túa!

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jan Wierzbza, director

Servizo Educativo de Casa da Música (Oporto)

W.A. Mozart,

As vodas de Fígaro KV. 492

Serenata KV. 525 "Unha pequena serenata nocturna" (1º e 4º mov)

Sinfonía núm. 40 KV. 550 (1º mov.)

Sinfonía núm. 38 "Praga" KV. 540 (3º mov)

Sonata para piano núm. 11 en La M, KV. 331 (3º mov. Rondo alla turca, arr. orq.)

Don Giovanni, Kv. 527: aria "Deh viene alla finestra"

Don Giovanni, KV. 527: aria "Madamina! Il catalogo é questo"



[RFG] Solidaria

Venres 5 de abril

20.30 h

PARAFRASEANDO A SCHUMANN

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

Paul Daniel, director

Nicolas Angelich, piano

R. Schumann, *Carnaval op. 9* [versión orquestral de Glazunov, Rimsky-Korsakov e outras para o ballet de Diaghilev]

R. Hollway, *Scenes from Schumann op. 13* Sete paráfrases para orquestra

X. Mariño, *Obra de encargo*

R. Schumann, *Concerto para piano op. 54, en la menor*

19:45 h

Conversando con ... Paul Daniel



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura